

## LICITACIÓN CONTRATACIÓN CAFETERÍAS

Con data de 28/10/2024 publicouse no **perfil do contratante da Plataforma de Contratos de Galicia** ([www.contratosdegalicia.gal](http://www.contratosdegalicia.gal)) a licitación para a "Contratación da concesión dos servizos das cafeterías de 6 centros de ensino público da provincia de Pontevedra, dividido en 6 lotes, durante os cursos 2024/2025 e 2025/2026 mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria".

No perfil do contratante atópase toda a información e a documentación para poder presentarse á licitación a través do **SILEX** (<http://www.conselleriadefacenda.es/silex>).

O prazo para a presentación de ofertas remata o **26/11/2024 ás 14:00 h.**

O contrato será para os cursos académicos 2024/2025 e 2025/2026, coa posibilidade de prórroga por outros 2 cursos académicos máis.

Lembramos algunhas cuestións de importancia sobre esta licitación:

- Para participar na licitación é imprescindible que o licitador/a conte cunha experiencia de 6 meses nos últimos 3 anos en traballos relacionados coa hostelería. De non ser así, será excluído da licitación.
- O anexo IV recolle os produtos de obrigada dispensación, pero o Consello Escolar do centro pode acordar incluír outros produtos a maiores dos sinalados no anexo, sempre que estes produtos sexan adecuados ás características das persoas usuarias do centro.
- Nesta licitación non se establecen como produtos de obrigado suministro os pratos combinados, pero, igual que no caso anterior, o Consello Escolar do centro pode aprobar incluílos na súa oferta, de acordo co adxudicatario.

As condicións da licitación atópanse recollidas nos pregos da licitación (Prego de cláusulas administrativas e Prego de Prescripcóns técnicas), que se xuntan a este correo, xunto cos anexos da licitación.

Para calquera dúbida sobre os mesmos, poden poñerse en contacto co Servizo de Programación e Contratación ou co Servizo de Apoio aos Servizos complementarios nos seguintes teléfonos: 986805906, 986805905, 886206619, 986805951, ou no correo electrónico: [contratacion.pontevedra@edu.xunta.gal](mailto:contratacion.pontevedra@edu.xunta.gal)